

RETO SEPULCRAL

A cámara comeza a gravar.

Sobre un chan que ningún supersticioso pisaría, unha figura desprázase con cautela.

Maldí o alcol que lle fixo aceptar o reto que lle propuxeran nun bar. Non hai marcha atrás: o pago está feito e, en directo, miles de persoas ven como el vai facendo realidade o que eles nunca se terían atrevido.

Achégase aínda máis a esa terra sobresaínte que, chea de cunchas e flores, pode parecer terra á luz do día, mais é capaz de provocar os calafríos máis arrepiantes na escuridade.

Agarra unha pa e comeza a cavar. Unha vez. Outra vez. Ata que consegue chegar á caixa e abríla. Tremendo, axusta a cámara. Dende a protección do fogar, todos observan con morbosidade o descomposto rostro dunha muller.

Uns ollos amarelos refulxen de súpeto na escuridade. O home non pode reaccionar: unha man esquelética agarra o seu nocello e tira con forza cara ao féretro, que se pecha cun grande estrondo. A terra, as cunchas e as flores volven ao seu lugar.

Un estarrecedor grito racha o silencio da noite.

A cámara deixa de gravar.

Uns descoñecidos achéganse a unha muller bébeda na barra dun bar. O reto comeza de novo.

Mencia Jorge Cabaleiro
1º Bac-E